

MAIS RECOMENDACIÓNS DE TRABALLO PARA OA ALUMNOS DE 2º DE PRIMARIA

Ola nenos!!!:

Cómo estasdes? Supoñemos e esperamos que todos moi ben. Como vai ese diario? Sodes uns campións polo que supoñemos que vai xenial! E... esas operacións con sumas e restas? Sabemos que xa non vos trabucades nada (ja, ja . ja...) Xa sabedes moitos datos curiosos sobre os animais? Nós sũiiiiii.

Recomendamos que memoricedes todas as táboas que vos enviamos para á casa 1 ata 7 (ambas incluídas) para que á volta ao colexio podamos praticalas de xeito salteado e non somentes de carrerilla.

Deberíades continuar coa lectura diaria como de costume (en galego e castelán).

Agora **imos divertirnos** un pouquiño... Proponémovos varias misións:

1ª MISIÓN: Confeccionade un COCO LOCO que faremos na aula en lugar do que ditamos nós. Para eso teredes que escribir nun folio como mínimo 25 preguntas (5 para cada día da semana) inventadas por vós nas que teñades que sumar, restar e multiplicar, (podedes inventar outras 25 para unha semana mais) nun folio e seguindo o seguinte esquema:

LUNES

1. Cuántas barras enteras de pan son 12 medias barras ? (6 barras de pan).
2. Escribir otra pregunta con su respuesta
3. Escribir otra pregunta con su respuesta
4. Escribir otra pregunta con su respuesta
5. Escribir otra pregunta con su respuesta.

MARTES

1. Si como 5 diarias, ¿cuántas uvas comeré en 9 días? (45 uvas)
2. (Escribir otra pregunta con su respuesta.
3. Escribir otra pregunta con su respuesta.
4. Escribir otra pregunta con su respuesta.
5. Escribir otra pregunta con su respuesta.

E do mesmo xeito o mércores, xoves e venres.

2ª MISIÓN: Consiste en escribir unha carta dirixida aos vosos avós seguindo as pautas que ensaiamos na aula. Lembraide pór: data, saúdo, texto, despedida e sinatura. Como non podedes mandala por correo, aproveitaredes unha conversa cos avós para lerlla.

3ª MISIÓN: Fixádevos no tempo meteorolóxico desta vindeira semana (de luns a domingo) apuntando nunha ficha como a que tedes debaixo deste texto a data, o tempo que vai (sol, choiva, vento, néboa, etc.) e a temperatura máxima e mínima de cada día. Lembraide que podedes consultar a páxina meteorolóxica de AEMET.

DATA	TEMPO	TEMPERATURA (máx. e mín).

Os que queirades ou podades, grabaredes un video facendo de home/muller do tempo. Mirade o tempo na TV e copiade o que fan.

4ª MISIÓN: Trátese de que faledes coas vosas familias (sobre todo cos avós/avoadas) e facerlles lembrar con qué xogos se divertían eles cando tiñan a vosa idade. Apuntades as canción que cantaban en cada xogo e as regras que seguían para xogar. Comprobade se se asemellan aos vosos xogos e aqueles que sexan distintos podemos poñelos en práctica no recreo.

Podedes consultar esta páxinas de internet ademáis das que xa vos aconsellamos.

- **AULAS GALEGAS.** É un portal educativo realizado por un colectivo de profesores sen ánimo de lucro .
- <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/>. É unha web cunha selección de recursos educativos organizados por etapas. Vós teredes que mirar a etapa de Infantil e Primaria (marxe esquerdo da pantalla) e xa vos vai derivando aos contidos.

Unha forte aperta das titoras e ata a vindeira semana.